XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 22 de xaneiro de 2024, polo que se resolve a denuncia do representante xeral do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE contra a Xunta de Galicia por unha posible infracción dos artigos 50 e 53 da LOREX.

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

Antecedentes

1. O 17 de xaneiro de 2024, o representante xeral do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdG-PSOE), formaliza denuncia contra o Partido Popular e D.ª Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, na que se solicita a retirada da páxina web da Xunta de Galicia as referencias a noticias en relación coa gratuidade das viaxes en autobús para os maiores brigantinos e a imposición das sancións correspondentes á Xunta de Galicia, ao Partido Popular e á conselleira

2. O 18 de xaneiro de 2024, logo da reunión da Xunta Electoral de Galicia, trasladóuselle á Xunta de Galicia e ao Partido Popular copia da denuncia, aos efectos de formular alegacións.

3. Cumprindo o trámite concedido, formularon alegacións o Partido Popular con data 19.01.2024 (RE 284) e a Xunta de Galicia con data 19.01.2024 (RE 297) .

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O escrito de denuncia cualifica os feitos denunciados como unha campaña de logros pola difusión no xornal El Ideal Gallego e na páxina web da Xunta de Galicia da xuntanza entre a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, candidata polo Partido Popular nas eleccións en curso, e a asociación de mulleres rurais Liafail, na que se recolle o número aproximado de maiores que poden viaxar gratis en autobús. Non se achegan no escrito de denuncia elementos probatorios ou de xuízo que permitan chegar á conclusión de que a referida nova teña vulnerado a prohibición da campaña de logros que establece o artigo 50.2 de la LOREX. Do publicado mais ben despréndese que a noticia expón dunha forma obxectiva como os maiores de 65 anos que dispoñan da tarxeta TMG poden viaxar gratis en autobús. O feito apuntado na denuncia referido a expresión “autobuses da Xunta”, non se considera por si mesmo que faga variar a finalidade obxectiva do feito, por ter carácter accesorio e apenas visible e, polo tanto, carecer de contido electoralista, sen que se indique no escrito de denuncia as concretas afirmacións que puidesen ter vulnerado os artigos 50 ou 53 de la LOREX.

Á vista do que antecede adóptase o seguinte

ACORDO

O arquivo da denuncia.

XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 10:00 horas do próximo día 25 de xaneiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo: xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal